



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 29 DE MAIO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e nove de maio de dous mil quince, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. **Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Manuel J. Crespo González**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Antonio Lomba Baz**

**Non asiste o concelleiro D. Miguel A. Español Otero.**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 2.197 de data 13 de abril de 2015, presentado por DNA. M<sup>a</sup> ELENA ALVAREZ SILVA, actuando en representación de AGRUPACIÓN MUSICAL DE A GUARDA, con enderezo a efectos de notificación na rúa 2<sup>a</sup> Transv. Os Bechos, s/n da Guarda, solicitando permiso para realizar actuacións na Praza do Reló os días 10 e 26 de xuño e 30 de xullo de 2015. Asimesmo solicitan a instalación dun palco, a megafonía e proxector pantalla.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado deste acordo ó departamento de obras.

Dase conta do escrito RE 2.253 de data 15 de abril de 2015, presentado por D. OSCAR RODRIGUEZ FERNANDEZ, con enderezo na rúa Pacífico Rodríguez, nº 7-baixo 1 de A Guarda, actuando en representación de CAFETERÍA KANELLAS`S, solicitando desplazar a praza de aparcamento de minusválidos da rúa Pacífico Rodríguez para montar unha terraza de servizo á cafetería.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local de A Guarda de data 26 de maio de 2014, segundo o cal non ven conveniente mover dita praza, acorda denegar a súa solicitude.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 2.911 de data 7 de maio de 2015, presentado por D. MANUEL LOMBA ALONSO, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 42-3º de A Guarda, solicitando autorización para a celebración das Festas de San Antonio os días 13 e 14 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo doutras autorizacións que sexan pertinentes.

Lese o escrito RE 2.912 de data 7 de maio de 2015, presentado por D. MANUEL LOMBA ALONSO, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 42-3º de A Guarda, solicitando 6 vallas para o recinto das festas de San Antonio, no lugar de "O Reguiño" os días 13 e 14 de xuño. Asimesmo solicita a limpeza do recinto e o traslado dos contenedores de lixo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado.

Lese o escrito RE 3.033 de data 12 de maio de 2015, presentado por DNA. FINI BAZ PACHECO, en representación de AGRUPACIÓN FOLCKLORICA VENTO MAREIRO, con enderezo social na rúa Rosal, nº 22-baixo de A Guarda, solicitando autorizació para levar a cabo un serán de pandereteiras o día 29 de agosto na Praza da Guía. Solicitan tamén un palco grande, un contenedor e unha toma de luz.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado deste acordo ó servizo de obras.

Lese o escrito RE 3.114 de data 15 de maio de 2015 presentado por DNA. SANDRA BEATRIZ LUENGO, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 81 de A Guarda, solicitando revisión e aumento de presión de auga no seu comercio.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó servizo de obras para que xire visita e comprobe a situación descrita.

Lese o escrito RE 3.134 de data 18 de maio de 2015, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO DA GUARDA, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 5, 13 e 14 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 3.276 de data 25 de maio de 2015, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE VIRXE DO CARME, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 7, 15 e 16 de xullo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Dase conta do escrito RE 3.313 de data 27 de maio de 2015, presentado por D. JOSE ANTONIO GOMEZ RODRIGUEZ, en representación de CONRAZONES, con enderezo social na rúa Julia Vaquero, nº 2 de A Guarda, solicitando permiso para celebrar un mercadillo solidario na Alameda o día 14 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta do escrito 3.402 de data 27 de maio de 2015, presentado por DNA. M<sup>a</sup>. TERESA ALVAREZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Pontevedra, nº 1-3<sup>a</sup>A de A Guarda, solicitando unha revisión daqueles inmobles que teñen saída de vehículos e non pagan dereitos de vado.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para que fagan un informe ó respecto.

### **PUNTO 2.- OUTROS ACORDOS**

---

Lese o escrito RE 2.660 de data 4 de maio de 2015 presentado por D<sup>a</sup>. A.V.V., con enderezo na rúa 3<sup>a</sup> Transv. Baliños, nº 16 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 3<sup>a</sup> Transv. Baliños, nº 16.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.803 de data 25 de marzo de 2015 presentado por D<sup>a</sup>. O.R.R., en representación de D. E.F.G., con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 14-1<sup>o</sup>A da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Concepción Arenal, nº 14-1<sup>o</sup>A.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.578 de data 13 de marzo de 2015 presentado por D<sup>a</sup>. E.C.C., en representación de D. C.C.A., con enderezo na rúa República Dominicana, nº 16-1<sup>o</sup> da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa República Dominicana, nº 16-1<sup>o</sup>.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.621 de data 16 de marzo de 2015 presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> V. P.F., con enderezo na rúa da Cal, n<sup>o</sup> 136 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa da Cal, n<sup>o</sup> 136.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 2.503 de data 23 de abril de 2015 presentado por D<sup>a</sup>. A.P.C., con enderezo na rúa Rosal, n<sup>o</sup> 58 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Rosal, n<sup>o</sup> 58.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ó solicitado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte relación de actos de especial relevancia que se van a levar a cabo no Auditorio de San Bieito acolléndose a excepcionalidade que recolle a Ordenanza Xeral de Ruidos pola cal "...o Concello poderá autorizar unha ampliación determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis máximos no ambiente exterior, en puntos determinados do termo municipal, atendendo a eventos singulares programados tales como celebracións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós cidadáns." Asimesmo acorda notificar este acordo ó Hotel Convento San Benito e poñelo en coñecemento dos veciños mediante un Bando de Alcaldía.

A relación de actos que se van a levar a cabo no Auditorio San Bieito durante o verán son:

| DATA HABITUAL DE CELEBRACIÓN | DATA DE CELEBRACIÓN 2015 | NOME DO ACTO-ORGANIZADOR-DESCRIPCIÓN  |
|------------------------------|--------------------------|---|
|                              | 20 DE XUÑO               | III EDICIÓN DO CONCERTO SOLIDARIO<br><i>Organiza: Agrupación Musical da Guarda</i><br>Concerto solidario anual para recadar fondos para San Vicente de Paul.<br>En horario de tarde, a partir das 17:00 horas. A actuación da banda ás 19:30 horas.   |
| INICIOS XUÑO                 | 21 DE XUÑO               | VIII DESFILE DO TRAXE GALEGO<br><i>Organiza: Asociación pola recuperación do Traxe Galego</i><br>Tradicional desfile de traxes rexionais entre a Alameda e San Bieito, onde se fai exhibición e explicación das vestimentas tradicionais.<br>En horario de tarde, a partir das 17:30 horas. |



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

|                                |              |   |
|--------------------------------|--------------|---|
| XUÑO-XULLO                     | 27 DE XUÑO   | XI FESTIVAL LUSO-GALAICO XAMARIANA<br><i>Organiza: Asociación Cultural Xamaraina</i><br>Festival de baile folclórico no que participan grupos locais e grupos invitados de Galicia e Portugal.<br>Celébrase ás 20:30 horas.   |
|                                | 28 de XUÑO   | GRAN GALA DE CIRCO "RUACTIVA"<br><i>Organiza: Concello da Guarda-AGADIC</i><br>Comemoración do VIII centenario da peregrinación de San Francisco de Asís, AGADIC organiza o circuito cultural "Cultura no Camiño" con representacións escénicas da rúa.<br>Celébrase ás 20:00 horas.          |
| XUÑO-XULLO                     | 11 de XUÑO   | XI FESTIVAL DE BAILE MODERNO XAMARIANA<br><i>Organiza: Asociación Cultural Xamaraina</i><br>Exhibición de baile moderno no que participan un gran número de nenas da vila (grupo Xamaraina e alumnos dos colexios)<br>Celébrase ás 20:30 horas.   |
|                                | 12 de XULLO  | OBRA TEATRAL "NÁUFRAGOS"<br><i>Organiza: Concello da Guarda</i><br>Obra de teatro profesional dirixida a tódolos públicos e distribuída por MALASOMBRA TEATRO, concibida para a animación da temporada estival da localidade.<br>Celébrase ás 20:30 horas.                                    |
|                                | 18 de XULLO  | XXVIII ENCONTRO INTERNACIONAL DE COROS DA RIBEIRA DO BAIXO MIÑO<br><i>Organiza: Agrupación Coral Polifónica de A Guarda.</i><br>Celebración dun Encontro Internacional de Coros da Ribeira de Baixo Miño coa participación de varios coros de España e Portugal.<br>A partir das 10:00 horas. |
| Arredor do 25 de Xullo         | 25 de XULLO  | XXII ENCONTRO DOS POBOS<br><i>Organiza: Asociación Cultural Lusco e Fusco</i><br>Festival folclórico internacional que se celebra dende hai máis de 20 anos en tódolos concellos do Baixo Miño (Oia, Tomiño, Tui, O Rosal e A Guarda).<br>A partir das 19:00 horas.                           |
| Último fin de semana de Agosto | 22 de AGOSTO | VIII FESTIVAL DE BANDAS VILA DA GUARDA<br><i>Organiza: Agrupación Musical da Guarda</i><br>Concerto de bandas de música, no que participan bandas musicais procedentes de distintos lugares de Galicia, no que a Banda Guardesa participa como anfitriño.<br>A partir das 17:00 horas.        |

Ademais dos eventos sinalados anteriormente, tamén é obrigado ter en conta aqueles que programe a Asociación o Cancelón con motivo das Festas do Monte

Dase conta das denuncias presentadas ante a Policía Local de A Guarda por D. Jesús Barbosa Franco e Dna. M<sup>a</sup> Esperenza González Martínez pola presenza de xabaríns na zona da rúa da Cal.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado destas denuncias á Xunta de Galicia e a Asociación de caza A Rosaleña.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 18 de maio de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. A.E.G..

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita alta.

### **FORA DA ORDE DO DÍA**

---

Lese o escrito RE 3.431 de data 28 de maio de 2015, presentado por DNA. CRISTINA MONICA RODRIGUEZ COLLAZO, con enderezo na rúa Brasil, nº 6, portal 2, 1ª da Guarda, solicitando permiso para a instalación dunha terraza de 10 m<sup>2</sup> dende o 1 de xuño ó 31 de setembro de 2015 para o local sito na rúa Circunvalación, nº 13.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

### **COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE 1.054/2015.- D. SEVERINO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA CERÁMICA POR OUTRA IGUAL OU SIMILAR, INSTALACIÓN DE 2 VENTÁS TIPO "VELUX" E IMPERMEABILIZACIÓN DE CAEIRO E CHIMENEAS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 5º TRANSVERSAL SOLANAS Nº. 17, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 1.054/2015.- D. SEVERINO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA CERÁMICA POR OUTRA IGUAL OU SIMILAR, INSTALACIÓN DE 2 VENTÁS TIPO "VELUX" E IMPERMEABILIZACIÓN DE CAEIRO E CHIMENEAS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 5º TRANSVERSAL SOLANAS Nº. 17, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.279/2015.- D. JUAN ANTONIO FERNÁNDEZ COIMBRA, PARA "REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA E MADEIRAS EXISTENTES POR VIGUETAS PREFABRICADAS DE CEMENTO, COLOCACIÓN DE CHAPAS DE FIBROCEMENTO E COLOCACIÓN DE TELLA DO PAIS CON REMATE DE ALEIROS E CUMIOS" DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 56, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "AS CACHADAS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS, (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.049/2015.- D. RICARDO DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ, PARA "LIMPEZA DE CAEIRO INTERIOR E SELADO DE FENDAS EN FACHADA", DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE RAMÓN SOBRINO Nº. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

### **COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MAIORES**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras maiores:

EXPEDIENTE: 4.344/2007.- D. JOSÉ LIMA PEREIRA, PARA "REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR" COMPOSTA DE (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA BAIXO CUBERTA) E CONSTRUCCIÓN DE "PISCINA", SITA NA RÚA DE CARRETERA SAN ROQUE Nº. 2, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SAN ROQUE" DA PARROQUIA DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

### **COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 2.653/2015.- D<sup>a</sup>. CRISTINA MÓNICA RODRÍGUEZ COLLAZO, PARA "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL CONSISTENTE NA REFORMA DE RESTAURANTE EXISTENTE E AMPLIACIÓN A ACTIVIDADE DE XELADERÍA", SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 13-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

### **COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO TITULARIDADE LICENZA DE OBRAS**

---

Dase conta da solicitude de cambio de titularidade da licenza de obras nº 175/1998 na rúa 4ª Transv. Coruto Vello – esquina rúa Portela, con RE 3.259 de data 25 de maio de 2015, presentada por D. ROBERTO MINIÑO TRIGO, con enderezo na rúa Longra, nº 24 de A Guarda para o cal aporta copia simple da escritura de compraventa.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó cambio de titularidade da licenza de obras nº 175/1998.

### **DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE INICIO DE ACTIVIDADE.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de inicio de actividade:

EXPEDIENTE: 6.048/2015. ASOCIACIÓN XUVENIL A VELHA NA HORTA DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA OUTROS SERVIZO CULTURAI S N.C.O.P. (EPIG. 966.9) (EPÍG. 824) NO LOCAL SITO EN PUNTA XENETE, S/N.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 3.228/2015. D<sup>a</sup> CRISTINA MONICA RODRIGUEZ COLLAZO DE INICIO DE ACTIVIDADE PARA COMERCIO MAIOR DE PRODUCTOS ALIMENTICIOS, XELADOS (EPIG. 612.9), COMERCIO MENOR PAN, PASTELES, CONFITERÍA, LACTEOS (EPIG. 644.1) E ELABORACIÓN DE XELADOS E SIMILARES (EPÍG. 414.4) NO LOCAL SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN, N<sup>o</sup> 13-BAIXO.

**DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.**

---

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 2.654/2015. CRISTINA MONICA RODRIGUEZ COLLAZO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE RESTAURANTE 1 TENEDOR [EPIG. 671.5] A REALIZAR NA RÚA CIRCUNVALACIÓN, N<sup>o</sup> 13-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE DOLORES GONZÁLEZ RODRIGUEZ.

*Sendo as once horas e dez minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*